



OU ZANFONA SEMANAL—D' ALEGRIAS OU DE BÁGOAS,—SEGUN QU' O POBO GALLEGOS' ADIVIRTE, CANTA OU LAYA.

#### PRECIOS DE SUSCRICION

N-a Cruña, OITO cadelos pequenos ó mes—Fora NOVE id.—Número solto UN can grande

#### :Olló ó cristo' qu' é de prata!

Cando se trata d' introducir calquera modificación qu' afeuta mais ou menos o orden económico d' os pobos trátase d' a vida d' estes, e pol-o tanto, o amostrarre endiferentes ou alleos á toda cuestion que se relacioe co-a administracion pública e grave falta n-os administrados; é un pecado que ten sua pinitenza n-os mesmos males qu' orixina.

Nosa Comision provincial está vintilando n-estes momentos un asunto cuasque de vida ou morte pr' a provincia: por sabido esquénese qu' en España as contribuciós teñen, sobr' o defeuto capital de non gardar proporcion co-a riqueza—ou probeza—d' a *masa contributiva*, o defeuto de ser a modo d' un traxe que feito á medida d' un corpo conocido, ha d' axustarse, veña ben ou mal, á todolos demás, grandes ou pequenos, fracos, gordos ou xorobados; pois o lexislador, ainda guiado pol-o mejor desejo d' acerto, non pode prever ás circunstancias e modo de ser de cada provincia ou rexion, tendo que outar por unha base úneca e xeneral pra un territorio que tanto difire n-as produciois, n-as industrias e n-outros elementos de vida.

C' unha iniciativa que pol-o patreótica hónraa sobremaneira, a autual Comision provincial, fixándose, por un lado n-a imposibridá de realizar seus

créditos contr' os auntamentos, dad' a probeza e miseria en que s' atopan, e por outro n-a mais aquitativa e aficás maneira d' achegar recursos pra cubrir suas obrigaciós sin gravar directamente ó contribuente e descargand' ó probe labrador d' inxustas gabelas, acordou, á proposta d'o ilustrado vocal d' a mesma don Antonio del Rio, solicitar d'o ministerio d' a Gobernacion autorizacion pra impoñer un curto direito sobr' os augardentes, azúcares cafés, cacao, sal e petróleo, artícalos qu' anque de primeira nacesidá os dons últimos, quedan afeutos á tan pequeno gravamen, que nin ó consumo ordinario, nin á industria nin ó comercio poden ser sensibles.

A ben razonada solicitú que co-este motivo elevan ó Menistro acompaña unha detallada e brillante Mamoria n-a que con datos esautos e terminantes demostrase qu' a recaudacion outida por este novo e curto imposto premitirá rebaixar ós pobos cuasqu' o total repartimento d' o *déficit*, o que proporcionará á mais empobrecida clás contribuente o alivio que tanta falla lle fai, e librará ós auntamentos d'a socaliña d' as *dietas* que teñen que pagar de cote ó enxamo de comiseonados d' apremeo que durante tod' o ano os teñen sitiados.

Con gusto houbéramos dado cabida aquí ós importantes documentos dé que nos acupamos, proprivanol-o ser longos abondo.

A subcomision, ispirándose n-a maior equidá e moderación, alambicou tanto os direitos sobr, as especies que se propón gravar, como pódese xusgar o resultado d' a comparanza d' as suas tarifas co-as que pr' o mesmo caso rixen en Oviedo; pro, dempois de reconocer nosoutros qu' a autorizacion solicitada é o único medio que s' ofrece pra salvar a situacion, non podemos deixar d' espoñer unha duña que se nos alcurre: ¿non podria acontecer que, tempos andando, e socedend' outros siñores ós díximos qu' hoxe componen dita comision, se vexan aqueles precisados á elevar esas módecas tarifas, e postos en tal camiño vayan sube, sube, sube, e siguind' o vóo de todal-as contribucions en España, non paren hastra chegar ás nubes?

De todal-as maneiras, o ben enmediato non debe pospoñerse ó medo d' un abuso incerto, e n-este bon entendido felicitamos de todas veras ós iniciadores d' esta reforma, e ó país, caso de que, como é d' esperar, a Superioridá aueça á tan xusta demanda.

## LERIAS

### O CONTO DE NUNC' ACABAR

—Pasei pol-a tua porta,  
mirei pol-o teu ferrollo.....  
e vin que pr' o negocio  
nín eres manco nin coxo,

—Non che fai falla mais qu' a zanfona, o píñfano e a pandeireta pra paresceres un cego.

—¿Dim' o porque canto? Pois esta copra vénica oindo dende Monelos hastr' o campo d'a Leña, e párceme que tamen se canta pol-a cibdá.

—Vosoutros os d' a aldea sódel-o demo; eu con vivir n-a vila non ch' oin semellante copra.

—Toma....! Como qu' os siñores non s' acupan mais que d' os seus negocios; e si non, ahí est' á Cámara de Comercio que non me deixará por mintireiro, pois pol-o que s' alborotou non parce si non que entrou a marta entr' as galinhas.

—Sempre malicioso como bó mariñan. Si a Cámara de Comercio s' alborotou, suas razós ten pra facelo, pois nada mais xusto que percure defender seus intereses cando se ven amenazados por outra nova contribución...

—Alto ahí, siñor amo. Dendes qu' entrei n-a sua casa vinll' armand' a reteira pra facelo caer n-éla. ¿Vosté coidou qu' o sabia todo e que debaixo d' esta monteira non había tamen entendemento? Pois está moi alquiculado, pois cando se trata d' nosos intereses discurrimos tanto com' os abogados de probes, e non lle deixamos

de ter nosa malicia e saber donde n-os apert' a zoca. E vou sospeitando que vosté estivo dormind' ou se fai o disimulado.

—Bah! vou vendo que contigo non val o desimulo: xa sei que cantabala copra pol-os novos impostos que pretenden estabrever.

—Ahí lle doi, meu amo. ¿El é certo qu' o comercio en xeneral trona e lostreguea contr' a Diputación por haber tomado un acordo qu' algunha ves tiña que ser en beneficio d' o probe labrador?

O comercio en xeneral.... non; son media dúaia, un mais un menos, d' almacenistas ó por maior de xéneros coloniales e..... alemans, algúns d' os que saben facer milagres com' o d' a boda de Canaan; pol-o demais, os comerciantes de tixidos de seda, lan, algodon quincalla, ferretería, bisutería, e outras moitas mais manufaturadas nin lles doi nin se queixan, e din qu' ali ll' as dén todas.

—Pois eu non ll' o tiña entendido así, porqu' ó ver os corrillos que ll' habia n-os Cantós, rua de San Andrés e hastra n-o comenzou d' a rua Real; non paresci si non que se votara fora o mar d' Orzan.

—Madrugarias moito e non traerias á vista crara.

Tan crara a traguia que conescin á algúns d' eles, siñores gordos e ben forradíños, d' esos que non esperan pr' agora pra facel-o seu negocio, e qu' anqu' éste non lles salla tan ben como coidaron, bastante favorescidos sairon n-outros, gracias á manga de San Francisco, e á quen lles sobra talento pr' emprender outros novos. E sobre todo, xa que teñen feit' a sua, debian agora amosarse mais humanos, anque non fose mais que por aquejo de "O demo farto de carne meteuse frade." ¿Quen lles di á esos siñores—qu' o cabo non son outra cousa que consinatarios d' articalos que grav' o novo imposto,—quén lles di que contribuyen á él mais ou menos que calquera consumidor? ¿Fundánse pra creelo así, no disparate dito en prena sesión monicipal, de qu' aumentando os diretios n-as aduanas d' a Cruña dábase motivo á qu' os barcos deixaran seus cargamentos n-outros portos d' a provincia? Nos, os boiros d' aldea, entendemos qu' os mesmos direitos han de pagar n-a Cruña qu' en tod' o litoral d'a provincia, xa entren os xéneros por ferrocarril, carreteiras ou portos de mar; e si este cabo se lle soltó a Diputacion recollao e amarreo bén, porque d'o contrario alcontrariamos inxusta a medida que tanto apraudimolos qu' algunha ves habiamos de matar a sede de xusticia. Vosté sabe qu' hoxe a riqueza está n-as cibdades; qu' os probes labregos foron hast' o dia os faccs d' a reata úneos que lles tomamos o amargor ás contribucions, e qu' hastra fai pouco tempo as endustreas e o comercio eran libres com' os peneireiros.

—Tés razón, Goros, e non pense que denantes d' agora non teño cavilado n-o que me dís e n-outras couzas qu' as sintides, pro non as pensades. Ahí tes ti, ago-

ra mesmo, pódese dar o caso de que todal-as espranzas tuas n-o asunto de que falamos as lev' a trampa, porque non é a pirmeira ves qu' a enfruencia d' o capital torce as resoluciós d' a mais estreita xusticia alá n-esa cova d' o león chamada Madril.

—Ai, siñor, e poderá ser certo?

—Tan certo pode ser como qu' a xente sacudeu xa os pés d' as alforxas, e a Diputacion quedarse c-o proyeuto n-o peto; os auntamentos c-os gaiteiros d' a trinta riás de dietas tocándolles... a Iborada todolos dias, e vosou-tros cando non téñades cousa qu' embargarvos, faranvos pibres, e non faltará quen véndovos sin agarimo, enseñand' o coiro e pidindo limosna vos chame pirguiceiros, lacazás, e algúm aristócrata de papel bitela e canto dourado s' enh' á boca chamándovos *vil canalla*, sin fa-eerse de cargo qu' a relucente lavita que viste quizaes foi feita c-os anacos d' a vosa chaqueta de lan.

—Si eu chegar' á decatarme de que vosté habia de virme co-esas cántigas pásome hoxe sin velo; porque vin a deixar a miñ' alegria n-a sua casa.

—Com' há ser Gorechos, pacencia cantaba un preso.

—Vaya siñor amo; hastr' outro día qu' espero me dea mellores noticias.

## CÁNTIGAS

### [Saudiña e cant' o merlo]

—∞ ∞ —

—EL E CHANZA, OU RENX' A PORTA?

Saúde por cent' e un ano,  
Novo Gaiteiro cruñés,  
Ja que, de verdade, vés  
A volver por *Jan Paisano*.

Veñ' a man, e qu' haxa sorte:  
Dios nos dará o que fai falla:  
Pr' as bestas, cebad' e palla;  
Pr' os homes... ¡espirto forte!...

Habendo moita justicia,  
E verdade á toda proba,  
Compre parolar d' a nova  
E mais d' a vella GALICIA.

Poida dar qu' haxa mocazos  
Qu' estremezan a Marola,  
Pro curando d' a cachola  
Trunfan os tamborilazos.

Hala póis; folgo ó roncon;  
Tempero n' ese punteiro;...  
E á fallar, tamborileiro...  
¡Qué diaño!... aquí está un pion.

Arma ben o contrapaso  
E entoa as nosas fulías,  
Qu' hastr' aló n' as estranxías  
Os Mozares lle fan caso.

Temos moito que limpares,  
Meu rulo, non che s' esqueza;  
Pro con medián enteireza  
Saneáras' o lugare.

Tí dall' ó pibel, e armuña,  
E verás se a framengada  
Fóxe jou queda espaturrada  
Com' un patexo n' a Cruña!

¡Eira! que j' as castañetas  
Ruxind' están n-o peneiro...  
¡Adiante, adiante, Gaiteiro,  
Moita saúd' e pesetas!

Francisco M. de la IGLESIA.

N'a Cruña, 17 de Frebeiro de 1888.

### || PROBE LABRADORÍÑO !!

Sóo, n-o medio de rústicas montañas,  
C-o eido negro de barrentas pedras,  
Que por fora tan sóo lox' as hédras  
E por drento luxentas tearañas;

C-o sayo de lán burda sobr' as costas,  
Húmid' os pés e rabuñad' a cara,  
As mans callentas de tirar d' a eixada,  
Sudando sempre co-o traball' ás portas;

Sin maesos qu' o dóce sentemento  
Lle desperten d' amor á Natureza,  
Famentos pol-o ouro e a riqueza  
Uneco afán d' o seu entendemento;

Sin sociedade, amigos e sperencia,  
Nin quen baix' á calmar os seus doores  
Mostrándolle d' as glorias os albores  
Presentados n-as artes e n-a cencia;

Mantido sóo de verzas e de broa  
Cal o gandiño que n-a corte cria,  
Traballando, sin cuesque, noit' e dia  
Pr' o mesmo deño, e non pra cousa boa;

Sua y-alma, moitas veces eminente,  
Humildada por falta de cultivo  
A un cacique ruín, qu' amostr' altivo  
Os seus ollos o látigo indoente;

O que traball' o pan pr' os silvantes,  
Larpeiros d' a falanx "empreomanía"  
E c-o sombreir' á man, a villania  
Recib' á troque n-as sás alegantes;

O que lonxe d' cas' entr' a carqueixa,  
Soasmente d' os paxáros é escoitado;

O qu' o ledo cantar ll' está privado  
e n-as canciós, non canta, que se queixa;

O que dempois qu' ó sol o mont' encrobe  
E ó escoitar resoar lonxe o esquilon,  
O puch' á man, fervente unha oracion  
De "gratitud" elev' ó Autor d' o Obre...

O qu' am' á sua nai con toleria,  
O qu' ás froles dá bicos de cariño,  
O que chora, si chor' o paxariño,  
E ri, cando reclama d' alegria;

O qu' entr' as sombras d' a lumiñ' escoita  
A vos d' o ruisiñol e d' a curuxa,  
O que cheo d' amor brinc' e aturuxa,  
O que d' as suas pasiós vence n-a loita;

O que sabe qu' é honor e qu' é palabra,  
Quen non busca xusticia n-a influencia,  
Quen lev' hast' o heroísmo sua pacencia  
Sin qu' á queix' o á protest' a boc' abra.....

Quén pode ser o misero coitado  
d' o coadro que tan negr' os poño diante?  
E o ruín, o bruto, o misero, o iñorante  
probe labradoriño galiciano!

Carles POL.

Ordenes 19 de Frebeiro de 1888.

## Ó MÓR D' A LAREIRA

Remexendo un d' estes días os papés vellos de meu abó, atopeime c'un que lín de cabo a rabo, e que abofellas, fixome botar bágoas c' a risa; e supoñendo qu' ós meus leutores habialles de pasar outro tanto, o pubrico aquí por si lles proporciona un rato tan bó com' o qu' eu pasei.

Presten vostedes atención e garden compostura como si estiveran vend' ó protagonista no púlpito:

SÁRMON DE S. BERNARDO PRÁDICADO POL-O GREGO DE N.... O ANO DE 1760.

"Hoxe, carísimos hirmans, celebramos a festa de San Bernardo, sin que lle falte nin sobre dia; lee a Irexia nosa nai o Evanxelio qu' está esquiro n-a parroquia, ou sea n-o meu libro, e o saquei d'a Biblia (non falta quien diga que foi parábola): eso n-o entendedes vosoutros nin vosoutras, pro basta que seipades com' é o Evanxelio d' o bon Pastor que dí; *Pass oves meas*, y é preciso mezclar os Evanxelios, e así pidamos 'sobre todol-a gracia. Ave Maria.

Criou Dios n-o pirmeiro dia a Adan, noso pirmeiro pai (din as leuciós qu' eu rezo n-o meu breviario *Adorabis indomino*): atendede agora un realce que vai dar ó testo voso bón señor Cura. Dormido Adan, d' a sua costela (e non sei espriar si d'a direita ou d'a zurda, pois esto n-o declararan ben os espositores, nin os doutores nin os sabios, nin os grandes homes), criou á Eva, a mais liviana muller qu' houbo n-aqueles tempos. ¡Usando

Dios! Refreusionemos inda mais n-este asunto. Antes de nacer Eva, era Adan moi hermoso, rellizo, corpulento, embaraçado, forte, sagás, listo, de bon gusto en tod' o mundo, gustáballes moito ós seus veciños sua conversación, non había home nin muller que non quixera andar co-él. Os frades o consultaban, as monxas subian as vistas e deixaban a celda pra miralo sempre que salía de noite. El era en suma com' un novicio antr' os mouchos. ¡Válame Dios por mouro, que paresme qu' o estou mirando!

Pr' a pícara Eva, aquela gran gulimeira, salida e atrevidona, amiga de cheirar, saber e comer, fixolle tragar a mazán d' o árbor prohibido que s' atopaba n-o paraíso, y-en pena d' a sua desobedencia non permitiu Dios que lle levase mais froito, e castigouno co-a maldición.

¡Pro, ouh malvados! ¡Cántos Adáns e cántas Evas hay n-esta parroquea de N....? ¡Parécevos, "pícaras desfoladas, qu' eu iñoro canto me marmulades co-a miña criad" a mais xoven e mais bonita, sempre roéndome os zancaxos dicindo que si vou que si veño, que si foi que si non foi, si por enriba si por abaxo, si grosa si fraco, si bon si malo, si chusca si malla, si andamos á lebre escura, si ó escondeite, si os tres navios, si ás catro esquinas, si dormimos xuntos, si nos espimos un diante d' outro, e pra dicilo mais craro, si tivo xa dous fillos? Considerade, pois, que chegará aquél dia, como nol-o dí San Pantaleón, doutor d' a Irexia, en que cando veredes que cand' a miña criada Gorriñas y-eu seamos maiores, non seremol-os pirmeiros; e si non que falen Bernardo Napuranchel, Perotes e ainda tamen Arnal o d' Alonso e a muller de Xoan Xil; digan com' andaban, e díganme os bribós e bribonas si o cometian ou non; falen tamen uns e outras e conten qu' o que me teñen dito n-o meu coarto asombra, e non queria votarllas a ouolución porqu' así era miña obrigación; y-ó fin eu e a criada Gorriñas somos libres e ninguñ matrimonio perxudicamos: e pra non cansarnos, falen todos os que me teñen revelado n-o meu confesonario cousas pasmosas: e finalmente, díga tamen o señor alcalde que m' está oindo o que me tén consnlgado, que causa horror. E así, jenmenda, fillos meus, enmenda, preversos filigrees; mirade que teño todol-os demos ó meu comando pra que carguen con todos vosoutros; pro... non o premita o Siñor!"

Xa probei o punto pirmeiro: paso e vou falar d' o segundo, á pesar que tratar con vos sotilezas e conciutados, e o mesmo que votar margaridas á porcos; pro vótum a conta qu' hoxe é o Patron, e falaremos en devaneo.

¡Qué gran santo foi San Bernardo, era Frade d' a Mercede, con seu escapulario, seu hábeto branco, con seu escudo, co-a sua crus, con seus zapatos, co-as suas cousas enteriores, co-a sua cara tan agasalladora: fixo penitenza n-os desertos, dormi' á caron d' a terra, comia as herbas d' o campo. Cando tiña algunha tentación d' a carne dábase azoutas crueles, e ¡hogallá volas dirades vosoutros, bribonazos e bribonazas que m' estades oindo!

Comia onoso santo e dormia sin sazon; zurrábas' a badana d'o que vin eu entrel-os mais santos d'o seu tempo. ¡Pro vosoutros e vosoutras, qué facedes? Fulion e mais fulion, bulla e mais bulla, baile e mais baile, cochinadas e mais cochinadas, porquerías e mait perquerías, sin mais honra qu' a Porta d'o Sol de Madril. Aquí te quero eu, Peruchón d' a Tirigaña; cha-ra-chá, cha-ra-chá, cha-cha-chá, ¡qué pouco modo! Pois decideme, grandes gandulós, ¡cómo irán saladas vosas conciencias ante o acatamiento de noso Díos soberano, com' han de locir vosas luces ós ollos d' os bós que dí o testo, qu'

*busilis grande e moi escuro: pois sabede que quer dicir, segun a pruma mais alta de San Guillermo, que tod' o que se debe usar n-o mundo ha de ser Corán pr' o céo e non Corán pr' o mundo, en opinion de Pedro de la Robere. Pro vosoutros, grandes facos, qu' entendedes vosoutros d' análesis nin de figurados; qu' entendedes vosoutros, malos cristianos, e vosoutras, desfoladoras, pois tod' é en vosoutros coran bobis e non coran homínibus?*

Anque xa sudo pr' abriros a cacho'a, sentido e entendemento, dicídime por últemo, quando merecichedes vosoutros terme por cura d' a vosa parroquea, e cando habedes oido contar cousas con tanto talento e sabiduria, mais ben ditas e mais ó caso?

Pois mirade que vos digo que si non hay enmenda en marmularme co-a miña criada Gorilas, sabreina eu tomar c-o meu fungueiro. Dí unha folla d' a Bibria—qu' eu rezo e tefio—que d' o profundo crám a sangre d' Abel que matou c'unha queixada vosa á seu hirman Cain; pois así cramarán vosas obras n-o dia d' o xuicio contra vosas grandes borricadas.

Homes e mulleres, enmenda: enmenda, pois, fillos mens, non haxa mais iras, nin mais furias, nin mais riñas, nin mais disolucions, nin mais zarandaxas! ¡Xesús, encomendad á paz! Mirade qu' estas palabras son de Simon n-o cap. 8 ou n-o 22 d' o seu Evanxelio.

Xa vedes que craro queda todo, e non diredes que tendel-o cura tonto; que lle custa os ollos d'a cara andar encordand' os Evanxelios pra sacaros de tantas borricadas. Pr' outro domingo xa vos darei unha idea mais grande d' a miña sabiduria; pro coidado con tomarme en boca ce-a miña criada Gorilas, sinon morredes en pecado mortal. Dios nos asista co-a sua divina groria, qu' é prenda segura d' a sua gracia.—Amen.“

## FUNGUEIRAZOS

Sesion municipal d'o viernes.—Duas longas horas d' espera levábamos n-os corredores d'a vella casa municipal, cando soó a campaíña aléutrica anuncieando qu' os señores habian tomad' asento e o público tiña libre entrada pra facelo tamen n-as brandas e gastadas banquetas que ll' están distinadas.

As des e coarto apuntaba o relós cand' o sacratario escomenzou a leitura d' a auta anterior que foi aprobada.

Enseguida lêu unha proposicion persentada por varios concexás pidind' á corporacion acorde solicitar d'o Goberno a non autorizacion que pertende a Diputacion provincial pr' imponer un novo imposto sobr' o café, azúcre, cacao, augardente, sal e petroleo.

Concedid' a palabra pra defender a proposicion fixo tiso d' éla o señor Mayor Rivas, que prenunciou un discurso cheo de doutrina e citas histórecas, picando tamén algo n-a Xeografía e condanando de paso a conducta d' a Diputacion o pidir sua conformidá ó municipio.

Dixo qu' as mercancías non podian ser gravadas duas veces por un mesmo conceuto demostrand' ó mesmo tempo ó contrario, é dicir, qu' algúns artícalos pagan direitos á ves á xunta d' o porto e ó municipio.

O discurso, si foi improvisado,—fora d' algúns luáres—non resultou malo, pro si viña perparado non temperdon de Dios.

Post' á votacion foi aprobada por unanimidad.

O señor Mesa propuxo se telegrafara ó Menistro d'a Gobernacion, ós deputados, senadores e más persoas influentes que d' este pobo haxa en Madrid o acordo tomado.

Non lle paresceu correut' o señor Casares e dixo qu' eso debia facerse cando se persentase a istancia ó menistro d' Hacienda.

Repricou o señor Mesa mostrando tanto intrés n-este negocio que si en todolos d' o municipio desprega igual ardemento meresce ser nomeado concejal d' honor, ou cando menos vitalicio.

O señor Brandao tamen propuxo se telegrafara ó menistro d' a Gobernacion por conduto d' o Gobernador.

Non estamos seguros de si outro señor falou de manifestacions públicas ou non, e polo mesmo non o damos como cousa certa.

Dempois de leíd' a distribucion de fondos pr' o corrente mes, levantouse a sesion: eran as once.

O público qu' asistiu á esta sesion, non era o do costume, sinón outro á quem ó paresceer doíanlle as moas e acodia á dentuza.

O número de concessás 20, notándos' a falla d'o señor Rouco, quen quizais n-a primeira sesion espriñou ós motivos porque non asistiu. O señor Golpe, calado.

Noso apreciabre colega *O Tió Marcos d' a Portela* terá á ben escrarecer unha duda que se nos alcurre, sirvindose contestar á siguiente pregunta:

¿Pode unha mesma composicion poética ser premeada en dous certámes literarios deferentes; e non condicion percisa qu' as mesmas han de ser inéditas, é dicir, noviñas d' o trinque?

Si com' esperamos *O Tió Marcos* nos contesta e saillen certas as nosas sospeitas quizaes teñamos que molestalo con outras novas perguntas e axudáranos á insinuar formalidá por non decir outra cous' á certos rates.

N-a sección correspondente verán nosos leitores unha facilísima, inspirada e ben aliñada composición poética d' o xustamente renomeado vate don Francisco María de la Iglesia.

E pra nosoutros tan lisonxeir' a aprobación e solidaridade que imprica; tanto é o refolgo que cobra noso corazon c-os anemosos e agalladores conceutos que lle merescemos, e tan alto é o lugar que lle supoñemos n-a renascencia d' a leteratura pátreya, que sentimos profunda satisfacción e hast' orgullo ó estampar tan sentido e espontáneo saludo n-as columnas d' este semanario.

As píldoras non por estar douradas por fora deixan de ser amargas.

Supoñamos qu' un xornaleiro, meteuse ó domingo tod' o xornal d' a semana n-o peto, caeu n-un café veu sugar ó punto, tentoun' ó demo e perdeu en tan insonte entretenemento os sudores de seis dias de traballo.

Supoñamos qu' o chegar a sua casa a muller pidelle contas, e entran os dimes e direites c-as suas consecuencias de piñas ou paus.

Poderá servir de consolo á este xornaleiro, á esta muller magoada e ós probes cañotíños que sinten a necesidá d'o pan o saber qu' aquel non perdeu os cartos á banca, nin á roleta nin á xogo algun d' *invite e azar*, alón á *bola mais alta*.

Seguramente que non; e as autoridás, á quien está encorredadá a moralidá pública e que terá empeño en velar por ela, non debe ter ó tempo moitas narices candando non husmea com' anda o *punto* en certo café que non sei como chamarlle, pois non lle vexo a *razon social* en ningún d' os frontes.

O vello d' as moceadas gallegas, o túneco vello que bota tantas canas ó aire cantas son as veces que sal de fiola, dinouse visitar esta sua casa c-o mesmo entrecexo que vostedes lle conocen, pro como dicindo: "Esta moça ainda está nova pra axudar ós compañairos".

Saudiña, Tio Marcos d' a Portela, e conta que nos estamos dispostos a seguir hastre os farrapos d' a gloriosa bandeira que tí erguiche d' o chan.

Pr' algo temos o entusiasmo d' a mocedad e o valente exemplo d' os velllos.

Sitio d' este conto, un templo donde s' adora ó dios Baco; polo medio hay xogo e viño, que son duas cousas d' o diaño. Por quitam' alá esas pallas doux rapaces se liaron, e houbo piñas a babar d' esas á tres por doux cartos. O mais magoado dos doux, non conforme c-o reparto, quixo vengar c-un coitelo ainxuria.... de ser mais brando. E houbera morto..... as estrelas: —Deixarme qu' o fago anacos! (a xente termaba d' él, senon cheg' a sangr' os zancos). É o de sempre: doux amigos xuntos ban beber un trago, sobreñío unha pendencia. e.... colorin colorado.

Segun leemos n-a prensa de Pontevedra, noso amigo e colaborador don Xavier Varcalce Ocampo alcanzou un verdadeiro trunfo n-o estreno d' o aproposito *El Gran Pensamiento*, que segun temos entendido é unha parodia d' *A Gran Via*, que como produto d' o

inxenio de que tantas mostras ten dadas noso amigo, supoñemos que en méreto correrá parexas c-o éxito alcanzado.

Felicitamol-o de todas veras, e unimos noso agradecemento ó culto pobo pontevedrés.

Un chasco cureoso socedeull' o lunes á un amigo noso.

Vive o tal en compañía de tres irmás suas, garidas rapazas por certo, e sirve n-a casa unha criada que cada ves que ven á arreglar sua habitacion revólvelle os papés d' arriba pr' abaixo.

Habíanlle regalad' ó tal unha botella de Champagn que puxo sobre d' a mesa, e aproveitando a ocasión de dar unha leucion á criada, dixolle:

—Coidado con tocar á mesa, porque si cae e rompe esa botella, non quedamos un vivo.

Foise á sua oficina noso amigo, e a criada non tivo labor de mais presa que contarll' ás señoritas o qu' él lle dixerá, noticia que lles produxo un medo tal, que por si se ll' antoxab' á botella estoupar n-aquel momento, baixaron corrend' ó portal, mentres esperaban a volta d' o hirman, á quem mandaron recado e chegou ó pouco tempo, com' é consiguiente, destornillándose de risa.

Custoulle traballo tranquilizalas e facelas subir, non encontrando mellor argumento, rompeu á vista d' elas o pescoco d' a botella bebéndose o líquido espeso que qu' había drento.

## Correspondenza

### DENDE BETANZOS

Meu amigo e compadriño:

Coll' a pruma por cumplir, pois así eu perd' a y-alma si dendeis que ll' esquirbin acó móvese unha palla. E verdá qu' houbo unha morte, qu' houbo páus e puñaladas, pro eso n-o noso pobo x' há tempo é causa ordinaria, pois eso sí: as escolas d' as crases desherdadas (quiero dicir d' os obreiros), estarán abandonadas, pro as escolas d' o vicio que n-algúz cafés s' istalan, e as escolas d' a taberna, teñen sempre che' as áulas. D-o barullo d' «O Escobón» nadia chía nin dá fala

e quizais vólvanse amigos  
os que tanto se lixaran.  
Cousas propeas d' os siñores  
qu' a políteca baraxan,  
que sin o penso, coucean,  
si lles dan penso, son mainas.  
Mais xa que vosté n' eu somos  
xente..... así como de tralla,  
morra o contoe aló eles:  
vamos con outro *alalá*.  
Houbo aquí tamen Antroido  
a derradeira semana,  
é decir, n-a mesma fecha  
que n-a Cruña ou n-a España,  
solo qu' o Carnaval noso  
fai un carnaval.. de casa;  
salvo a que non percurou  
por lacós e filloadas.  
Hóubolle algús vixigueiros  
n-as ruas, n-o Campo e praza;  
homes qu' están en carauter  
cando fan as osameadas.  
Un fixo de saca-moas,  
outro fixo de *madama*  
e outras fixeron d' homes  
ciñindo os calzós ás nádegas.  
Ós bailes desanemados,  
que vai entrando ás rapazas  
o verme que roe as verzas,  
os cadelos e as patacas.  
Por élas (falo d' as fémias)  
non quedaba desairada  
a maxestá d' o dios Momo  
si os *machos* se disen trazas.  
Pr' o bó humor ¡vaiche boa!  
nin o teñen nin o gastan  
o mesmo a xunta d' o Circo  
qu' a qu' un tempo foi galana.  
Pois ben; si aquí están as couosas  
tal como vosté as deixara,  
¿de qué demóncaro quere  
que lle fale n-esta carta?  
Vosté encargoume n-a sua  
que de ninguén marmulara,  
e pra non marmular  
hay que cerral-a ventana,  
ponerse venda n-os ollos,  
n-a orella algodon en rama,  
non mirar o auntamento  
non saber o qu' é unha *talla*;  
si un casado anda ó escondite  
non dicir con que rapaza,  
si outro ven a *medios pelos*  
dicir que está cheo d' agua.  
Prexurar que Cudesido  
non recibiu calabazas,  
ou xurar qu' o Cereixeiro  
n-a vida probou a caña.

En fin; si quere vosté  
tér corresponsal de fama,  
ten que deixarse d' escúpulos  
e copiar compret' as cartas.  
E si por ter c... ten medo,  
os d' acó sua *Fuliada*,  
pode declarar meu nome  
qu' á min ninguen me ll' *espanha*

Conque qu' haxa saudiña,  
que traballe con ganancias,  
e non esquenza os intereses  
d' esta cibdá abandonada.

XAN BUSCA VIDA.

IMP. DE A. AMENEDO PONTE.

Rua d' a Fita, núm. 7, Cruña.

LEOPOLDO PIÑEIRO

Astrería e Comerceo de panos

Praza de Vista-Alegre—SARRIA

Predoce, ir lonxe por panos,  
desenganos;  
e Piñeiro é unha persoa,  
segun sóa,  
qu' a última moda sigundo,  
cal xastre á quen nadia empata,  
sua parroquia vai vistindo  
qu' é d' o mundo frol e nata.

¿Solo fama e non diñeiro  
quer Piñeiro,  
e d' orbe enteiro recibe  
cánt' espide?

Pois tendo él tan bós tratos  
é, mercar n-outro almacen,  
semeiar o grau pr' os ratos  
ou non querer vistir ben.

FRABICA DE CHICULATE TRABALLADO A BRAZO

DE

RAMON GUITIAN

Praza de Vista alegre.—Sarría.

Toda persoa fina é intelixente  
qu' o *sucunusco* noso haxa probado,  
dirá, lanbend' o bico e sorriente:  
“Das máquenas non sal tan bó bocado.”  
E esta verdá non ten volta nin tasa  
pr' os que d' o *caracas* entendades;  
mais si algun duda, merqueo n-esta cosa  
ou pregunte de cal gastan os frades.

Praza de Vista-Alegre—Sarría.

## ANUNCEOS

PAPELERIA. LITOGRAFIA  
E OUXETOS D'ESQUIRTORIO  
**M. ROEL,**  
**54-Real-54**

Compreto sortido en toda crás de papés de fio pra oficinas—de folla longa pra preódecos e obras—boníticos papés pequenos e comerciás pra cartas—tintas, lapiceiros, prumas e canto fai falla n-os esquirtorios,—compretos y-alegantes útiles pra dibuxo, así como tamén artícolos pra fumar.—Abondante sortido de libros moi cuquinhos pra rezar n-a eirexa siñoras e siñoritas.—Libros con siguideiros pra contas.

Ista casa conta n-o seu espacioso taller c'unha dúcia de rapaces, uns que rascan n-as pedras facendo botitiñas cousas c-os lapiceiros d' aceiro, y-outros que fan botar d'as máquinas follas abondo con vistosos cores; e o mesmo fanse traballos pra oficinas civiles e d' os corpos armados, papés c-os timbres moldeados; empresos pra contas, libros siguideiros de mais ou menos follas, como fanse tamen moi boas TARXETAS brancaas, de loito e con escudos d' armas ou outras alegorías. Etiquetiñas pra os feires, botellas de viño, cervezas e pr'as tendas de medicinas. Letras de xiro, cartés, cartas co-a relacion empresa pra non ter qu' esquivir tanto n-os comercios, esqueliñas pra noticear casamentos, e outras cousas que por ser moitas se m' esquenzen

54, calle Real, 54—A Cruña

**MARIANO VAL E C.<sup>A</sup>**  
Santa Catalina, 17

**Viños d' Aragon, Castilla,  
Blanco Chiclana, Riveiro  
e Valdepeñas.**

Viños de mesa como éles  
n-os atopades n-o pobo,  
dan forza ós convalecentes,  
curan o cólera morbo,  
ós vellos dan longa vida,  
ás casadas dán refolgo  
e se contan moitos casos  
de rasucitar ós mortos.  
E o sacreto d' estas curas  
beber un neto d' un sorbo,  
e repitindo estas tomas  
pagar ben e pidir outro.  
Pra pifar entre comidas  
o Chiclana é como un ouro,  
e onte un vello qu' o catou  
saleu d' alí feito un mozo.  
NON MAIS CALVOS, qu' este viño  
fai medral-o pelo á moitos,  
si con magras de xamon  
dan unhas fregas ó estógamo.

ZAPATERIA BRIGANTINA

DOMINGO FENREIRO E COMP.

Ruarr iesa, 12—Betanzos

N-esta conocida tenda,  
á que xusta fam' abona,  
hay canto a moda pertenda,  
bó e barato, ¡qu' é perbenda  
n-estes tempos, segun sona!

Hastra d'o confin d'a terra  
veñen aqui os materiás;  
e aqui, co-a rutina en guerra,  
faise o calzado, á compás  
d' as nocións qu' a cencia encerra.

Estética, Xeometría  
son mayestras n-o taller,  
direutor a Natomía,  
e dáse os pés outro sér  
e ó corpo mais gallardía.

**GRAN TINTORERIA D'O PALENTINO**

Calle d' Orzan, 68

N-este acredetado establecemento tíñese de todolos colores e quítanse toda clás de manchas ás roupas, así de siñoras como de cabaleiros; ademais lávanse cobertos de lan, usados ou novos, dáselles o coor que queira e sácaselles o pelo; todo moi baratiño e co-a prefeucion que ten acredetado.

NON ESQUENCERSE:—Orzan, 68, Cruña.

F. G ACUÑA

ORBALLEIRAS  
poesías gallegas e castellanias

Véndese aquí

**A FULIADA**

PREÓDECO SEMANAL D' ENTERESSES  
MORÁS E MATERIÁS.

Sal á lus todolos xueves

Precio de suscricion:—Oito  
cadelos pequenos ó mes

Número solto UN can grande

**EMPRENTA**

DE  
**A. AMBENEDO PONTE**

Bua d'a Fita, núm. 7

Faise aquí toda clás de traballos, ben e barato.